

RESOLUCIÓN REITORAL DO 30 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, celebrada o 22 de marzo de 2023, esta reitoría RESOLVE:

A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)
Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
(asinada dixitalmente)
Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Eficiencia Enerxética na Rehabilitación de Edificios	AC2300014	Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	Eguía Oller, Pablo	Do 10/02/2023 ao 24/03/2023	22/03/2023	70	2,3
Iniciación á Paleografía Medieval	AC2300015	Centro Asociado UNED - Ourense	García Díaz, Jesús Manuel	Do 24/04/2023 ao 28/04/2023	22/03/2023	15	0,5

Código seguro de Verificación: GEISER-3c80-0b34-be3b-467f-a99b-a621-d3bb-5a5f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://sede.administracionespublicas.gob.es/>

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s23N0000026

CSV

GEISER-3c80-0b34-be3b-467f-a99b-a621-d3bb-5a5f

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2023 11:48:13 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-3c80-0b34-be3b-467f-a99b-a621-d3bb-5a5f